

H^aMCO 1º BACH

MATERIAL DE REPASO CONTIDOS



Nome:

curso

· BLOQUE 1: CONCEPTOS (ATA 3 PUNTOS NO EXAME)

- | | | |
|--|------------------------|---------------------------|
| · Antigo Réxime | · Napoleón | · Estamento |
| · Montesquieu | · Soberanía nacional | · Burguesía |
| · Despotismo ilustrado | · Bismarck | |
| · Leis de cercamento (<i>Enclosure Acts</i>) | · Capital | · socialismo utópico |
| · Capitalismo industrial | · Éxodo rural | · revolución agraria |
| · Capitalismo financeiro | · Propiedade privada | |
| · Canle de Suez. | · Cadea de montaxe. | · Zaibatsu. |
| · Patrón-ouro. | · Libre cambismo. | · Dominio. |
| · Revolta dos Boxers. | · Aculturación. | · Destino Manifesto. |
| · Diktat. | · Plan Dawes | · Keynesianismo |
| · Putsch de Múnic | · Marcha sobre Roma | · New Deal. |
| · Noite dos coitelos longos. | · Hiperinflación. | |
| · <i>Blitzkrieg</i> | · Conferencia de Ialta | · “Coexistencia pacífica” |
| · Stalingrado | · ONU | · Conferencia de Bandung |
| · Holocausto | · Bipolaridade | |

· BLOQUE 2: PREGUNTAS TEÓRICAS (ATA 3 PUNTOS NO EXAME)

- A Ilustración: definición, principios, representantes e influencia no liberalismo.
- A revolución francesa: causas e obra lexislativa anterior á época napoleónica.
- A revolución industrial: situación no espazo e no tempo da primeira fase da revolución industrial. Enumeración de catro das causas que expliquen a súa localización espacial e explicación pormenorizada de dúas desas causas
- A revolución industrial: caracterización da primeira fase da revolución industrial atendendo aos conceptos de sectores, fontes de enerxía e características do sistema fabril. Anotación dun cambio que supoña a segunda fase da revolución industrial con respecto á primeira fase
- A segunda revolución industrial: caracterización da segunda fase da revolución industrial atendendo aos conceptos dos transportes e as comunicacións. Sinala as novidades da segunda revolución industrial con respecto a primeira no ámbito da economía capitalista.
- Os Balcáns: crises balcánicas e detonante da I Guerra Mundial
- As causas da Segunda Guerra Mundial
- Explica sinteticamente a descolonización de África

· BLOQUE 3: PRÁCTICOS (ATA 4 PUNTOS NO EXAME)

1.MAPA DE EUROPA EN 1815

EUROPA EN 1815



- O mapa está relacionado co Congreso de Viena. ¿Cales eran os obxectivos dese Congreso?
- ¿En que consiste a Santa Alianza reflectida no mapa?
- Que dúas ideoloxías modificarán profundamente a situación territorial europea plasmada no mapa ao longo do século XIX. Xustifica a túa resposta.

2.- LE OS DOCUMENTOS E RESPONDE AS CUESTIÓNS

Doc 1.- Todo obreiro que logo da aprobación desta lei ingrese en calquera asociación coa finalidade de obter un mellor salario ou para reducir ou alterar as horas ou a duración do horario de traballo, ou para reducir a cantidade de traballo (...) será condenado polos xuíces (...) ao cárcere por un período superior a tres meses.

Lei inglesa Anti Asociaciacións (1800)

Doc 2.- Cumprimos cos deberes de homes libres. Queremos, pois, ter os mesmos dereitos. É polo que necesitamos o sufraxio universal. Este sufraxio, para estar libre da corrupción dos ricos e das violencias dos poderosos, debe ser secreto.

Petición dos cartistas de Birmingham (1838)

- a.- ¿Que defende o documento 1? ¿A que clase social representa? Argumenta a túa resposta.

b.- ¿Que defende o documento 2? ¿A que clase social representa? Argumenta a túa resposta.

c.- ¿Podemos afirmar que os intereses representados por cada documento atópanse nunha situación de equilibrio ou simetría? Argumenta a túa resposta.

d.- Sinala sinteticamente os primeiros pasos da evolución do movemento obreiro

3.- LE OS DOCUMENTOS E RESPONDE AS CUESTIÓN

Doc 1.- Hai un segundo punto que debo igualmente abordar: é o lado humanitario e civilizador da cuestión. É preciso dicir abertamente que, en efecto, as razas superiores teñen un dereito con respecto ás razas inferiores porque existe un deber cara a elas. As razas superiores teñen o deber de civilizar ás razas inferiores.

Discurso de JULES FERRY (1885)

Doc 2.- Razas superiores!, Razas inferiores! É fácil dicilo. Pola miña parte, eu afástome desa opinión. [...] Non, non existe o dereito das chamadas nacións superiores sobre as nacións chamadas inferiores. A conquista, [...] é o abuso da forza que da a civilización científica sobre as civilizacións primitivas, para apropiarse do home, torturalo e exprimirle toda a forza que ten, nun pretendido beneficio civilizador.

Discurso de G. CLEMENCEAU (1885)

Doc 3.- Toda mellora nos métodos de produción (...) parece reforzar a tendencia á expansión imperialista. A medida que nación tras nación entra na era da máquina e adopta os métodos industriais máis avanzados, faise máis difícil para os seus empresarios, comerciantes e financeiros colocar as súas reservas económicas e progresivamente, están tentados a aproveitar aos seus gobernos para conquistar con fins particulares países afastados e subdesenvolvidos mediante anexión e protectorado.

John Hobson. *O imperialismo*. 1902

a.- Que defende o documento 1? Argumenta a túa resposta.

b.- Que defende o documento 2? Argumenta a túa resposta.

c.- Que dúas cousas vincula o documento 3? Argumenta a túa resposta.

d.- Sinala sinteticamente as causas e as consecuencias do imperialismo, indicando cal é a máis importante.

4.- LE OS DOCUMENTOS E RESPONDE AS CUESTIÓN

Doc 1.- Fálase moito da actividade violenta dos fascistas. Arrogamos para nós o dereito de controlala e, se chega o caso, eliminala (...). No entanto e, mentres o consideremos necesario, seguiremos golpeando con maior ou menor intensidade os cráneos dos nosos inimigos, é dicir, ata que a verdade penetre neles (...). O programa da política exterior do fascismo comprende unha soa palabra: expansionismo.

Discurso de BENITO MUSSOLINI (1921).

Doc 2.- A gran masa dun pobo non está composta por profesores nin por diplomáticos. É pouco accesible a ideas abstractas. Polo contrario, será máis fácil dominalo no terreo dos sentimentos, e é aí onde se atopa a secreta enerxía das súas reaccións.

HITLER, A.: *Mein Kampf* (1925).

Doc 3.- Ao principio votamos polo partido populista (conservador); pero os conservadores non podían gobernar o país: eran demasiado débiles. Nesta loita implacable polo pan e o poder, tiñamos necesidade de ser guiados por unha man vigorosa e firme. A de Hitler érao. Tralos anos transcorridos baixo o seu mando, sentíamonos moito máis satisfeitos.

Queríamos un sistema que funcionase ben e que nos proporcionase os medios para traballar tranquilamente.

KRUPP: Declaración no Proceso de Nuremberg (1948).

Doc 4.-O Estado ten que empezar por facer da cuestión da raza o punto central da vida xeral; ten que velar pola conservación da súa pureza e ten tamén que consagrar o neno como o ben máis preciado do seu pobo. Está obrigado a coidar de que só os individuos sans teñan descendencia. (...) Todos aqueles que, neste mundo, non son de raza pura, non son máis que lixo.

HITLER, A.: *Mein Kampf* (1925).

- a.- Despois de ler todos os textos, que rasgos propios do fascismo se defenden neles?
- b.- Despois de ler os textos, ves algunha diferenza entre o fascismo italiano e o nazismo alemán? ¿Cal é? Argumenta a túa resposta.
- c.- Tras ler o documento 3, que clase social pasa a ser un apoio fundamental do nazismo? Argumenta a túa resposta.
- d.- Sinala que rasgos do fascismo/nazismo non se sinalan nos documentos e son típicos deste pensamento político.

5.- LE OS DOCUMENTOS E RESPONDE AS CUESTIÓNS

Doc 1.- Avanzamos demasiado na nacionalización do comercio e da industria, no bloqueo dos intercambios locais. Era un erro? Certo. Podemos admitir en certa medida o libre intercambio local, sen destruír o poder político do proletariado, senón consolidándoo (...). O campesiñado pode e debe traballar no seu propio interese, posto que xa non se lle pedirán todos os seus excedentes, senón soamente unha taxa que é necesario fixar axiña de antemán. O fundamental é que o pequeno campesiño se atope estimulado, impulsado.

LENIN. Discurso no X Congreso do Partido Comunista (1921).

Doc 2. A tarefa esencial do plano quinquenal consistía en crear no noso país unha industria capaz de reequipar e reorganizar, sobre a base do socialismo, non soamente a industria no seu conxunto, senón tamén os transportes e a agricultura.

A tarefa esencial do plano quinquenal consistía en facer pasar a pequena economía rural parcelada á vía da gran economía colectivizada, asegurar deste xeito tamén a base económica do socialismo no campo e liquidar a posibilidade de restauración do capitalismo na URSS.

Finalmente, a tarefa do plano quinquenal consistía en crear no país todas as condicións técnicas e económicas necesarias para aumentar ao máximo a capacidade de defensa do país, para permitirlle organizar unha resposta vigorosa a todas as tentativas de intervención armada, a todos os intentos de agresión armada do exterior, ou de onde sexa que proveñan.

STALIN. Informe sobre o Plano Quinquenal (1933).

- a.- ¿Que política económica quere cambiar e ata critica o documento 1? ¿Que política económica quere instaurar e por que? Argumenta a túa resposta.
- b.- ¿Que política económica defende o documento 2? ¿Cales son os obxectivos da mesma? Argumenta a túa resposta.
- c.- Sinala, polo menos, dúas diferenzas entre o sistema capitalista e o comunista.
- d.- Sinala que aspectos económicos sempre foron controlados polo estado nas tres políticas económicas da URSS do período de entreguerras.

6.- LE OS DOCUMENTOS E RESPONDE AS CUESTIÓNS

Durante vinte anos, a Unión Soviética acumulou unha enorme forza militar. Non pararon cando as súas forzas excedían todos os límites dunha capacidade defensiva lexítima (...).

América posúe agora a tecnoloxía para obter moi significativos progresos na efectividade das nosas forzas convencionais e forzas nucleares. Actuando sobre as dúas, poderemos reducir significativamente calquera estímulo para que a Unión Soviética poida ter a intención de ameazarnos cun ataque contra EUA ou os seus aliados. (...)

Claramente recoñezo que os sistemas defensivos teñen limitacións e provocan ambigüidades. Se se complementan con sistemas ofensivos, poden ser vistos como favorecedores dunha política agresiva, e non queremos iso. Pero con estas consideracións firmes na miña mente, fago un chamamento á comunidade científica do noso país, que nos deu as armas nucleares, para que dirixan os seus talentos á causa da humanidade e da paz mundial, para que nos dean os medios de render as armas nucleares impotentes e obsoletas.

R. REAGAN: Discurso televisado (1983)

- a.- Con que fase da guerra fría se corresponde este documento? Sitúa cronoloxicamente a *guerra fría* e sinala a causa de que se denomine así. (ata 1 punto)
- b.- Sinala as fases nas que se divide a guerra fría e indica un conflito característico de cada unha delas (ata 1 punto)
- c.- Sinala a relación de catro destes elementos históricos coa guerra fría: Revolución chinesa, Ronald Reagan, Gorbachov, acordos SALT (ata 2 punto)